



EIXES DE TRABALLO DA PLATAFORMA POR UNHA VIVENDA DIGNA

- 1) A loita da plataforma centrarase no acceso á vivenda e contra a especulación urbanística. Son polo tanto obxecto desta loita a precariedade na vivenda, os abusos urbanísticos e o *mobbing* inmobiliario, as dificultades de acceso á vivenda, as actuacións das administracións arredor da vivenda, do urbanismo, da lexislación sobre vivenda, da corrupción urbanística, dos aspectos fiscais da vivenda e da fraude inmobiliaria, da burbulla inmobiliaria, etc.
- 2) A Plataforma nin ningún dos seus membros en representación da Plataforma amosará en público en ningún momento ningunha filiación política ou ideolóxica concreta, pondo especial coidado en non mesturarse en asuntos alleos aos definidos en 1) e tratando de ser obxectivos/as e rigorosos/as coa crítica e co apoio a todas aquelas actuacións políticas que lle afecten de algún xeito ás distintas problemáticas da vivenda.
- 3) As reivindicacións realizaranse sempre de xeito pacífico no marco da legalidade vixente e en ningún caso se avalarán actuacións violentas de calquera tipo.
- 4) A información congregarase nunha única páxina web con seccións independentes para cada territorio que terán de xestionar estes de xeito independente por medio dun xestor de contidos aloxado na "intranet".
- 5) Tratamento en segundo plano de problemas que sexan claramente comúns a todos os territorios e que garden relación con aqueles definidos en 1). Algúns identificados até a actualidade son: precariedade laboral, exclusión social e aspectos sociais do encarecemento da vivenda, degradación medioambiental, sustentabilidade económica, etc.
- 6) Rexeitamento tácito a calquera tipo de prácticas ou ideoloxías antidemocráticas ou que xeren exclusión social, ben sexa en forma de violencia, xenofobia ou calquera outro tipo.
- 7) A Plataforma defínese como un colectivo sen ánimo de lucro e polo tanto, esa idea terá que ser compartida por todas e cada unha das persoas afiliadas ou colaboradoras máis directas.